



CONCELLO DE REDONDELA

## **ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA INCLUIDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO 2021 COA FINALIDADE DE RESOLVER AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á LISTA DE APROBADOS/AS DO PRIMEIRO EXERCICIO.**

Reunido o día 11 de marzo de 2025, as 10:00 horas da mañá na casa do Concello de Redondela, os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, de acordo coas bases específicas publicadas no BOP núm. 71 de 13 de abril de 2023 e bases xerais publicadas no BOP núm. 50 do 13.03.15 e rectificacións puntuais aprobadas pola Xunta de Goberno o 29.03.15 como presidenta D<sup>a</sup>. NATIVIDAD CRESPO PÉREZ, operaria de medioambiente do Concello de Redondela; D. DIONISIO CALVARRO SÁNCHEZ, técnico auxiliar de mantemento do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra; D. ALBERTO VICENTE ALCALDE, técnico informático da Deputación provincial de Pontevedra e como secretaria do tribunal D<sup>a</sup>. CARME PÉREZ VAQUERO, administrativa do Servizo de Urbanismo-actividades do concello de Redondela coa finalidade de resolver as alegacións presentadas ao primeiro exercicio por varios aspirantes.

Excusan a súa asistencia por motivos persoais D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN MARTINES ABRALDES, xefa da Sección de Residuos da Deputación de Pontevedra; D<sup>a</sup>. SONIA MARÍA CACABELOS COBAS, oficiala de Servizos Xerais e Subalternos do Museo de Pontevedra.

As alegacións presentadas ao primeiro exercicio son as seguintes:

1. **D. SAMUEL FERNÁNDEZ VIEITES** CON DNI 39455388S PRESENTA ESCRITO NA DATA 3/03/25 -registro de entrada no concello 3139- SOLICITANDO COPIA DO SEU EXAME E FOLLA DE RESPOSTAS.
2. **D<sup>a</sup> LOURDES IGLESIAS LORENZO** PRESENTA ESCRITO O DÍA 4/3/2025 - registro de entrada no concello 3213- SOLICITANTO A REVISIÓN DO SEU EXAME.
3. **D. JOSÉ CARLOS VARELA PÉREZ** PRESENTA ESCRITO O DÍA 4/3/25 - registro de entrada no concello 3273- SOLICITANDO SE ANULE A PREGUNTA 12 DO EXAME POR NON ESTAR DE ACORDO COA RESPOSTA SINALADA COMO CORRECTA.
4. **D. JESÚS BRAVO CARIDE** PRESENTA ESCRITO O DÍA 7/3/2025 -registro de entrada electrónico no concello 1872- SOLICITANDO A NON ANULACIÓN DA PREGUNTA 10 DO EXAME DADO QUE NO EXAME EN GALEGO AS RESPOSTA ESTABAN BEN.

Os membros do tribunal cualificador, de acordo coa base 11 das bases xerais que regulan os procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no concello de Redondela





CONCELLO DE REDONDELA

resolven as reclamacións por estar presentadas en prazo.

Coa finalidade de saber cales son os exames das persoas que fan as alegacións, dado que son plantillas que non teñen nome e apelidos senón un código, o técnico informático da Deputación provincial D. Alberto Vicente Alcalde mete os exames na máquina e entrega á secretaria do tribunal, D<sup>a</sup>. Carme Pérez Vaquero as plantillas que a máquina selecciona por cada un das persoas que presentan alegacións tendo en consideración o documento nacional de identidade.

Visto o exame de **D. SAMUEL FERNÁNDEZ VIEITES** obsérvase que na plantilla de respostas que entrega aparecen as preguntas núms. 4, 6, 7, 22 e 25 con varias respostas, unha delas claramente marcada en negro e outras con dúas e incluso tres respostas marcadas en gris (produto de que se marcaron primeiramente e despois se borraron); A máquina utilizada para a comprobación das respostas do exame seleccionou como válidas as respostas marcadas claramente en negro non tendo en consideración os puntos marcados en gris. Xa que logo, compróbase que o exame está ben corrixido pois a máquina fixo unha lectura correcta das respostas marcadas en negro polo que a puntuación final do mesmo non varia. Acórdase chamar ao aspirante para que poida recoller unha fotocopia do seu exame así como a plantilla de respostas solicitada.

Visto o exame de **D<sup>a</sup>. LOURDES IGLESIAS LORENZO** obsérvase que na plantilla de respostas que entrega aparece a pregunta núm. 1 cunha resposta marcada en gris e a pregunta núm. 3 con dúas respostas, unha marcada en negro e outra marcada en gris (produto de que se marcaron e despois se borraron).

Compróbase o exame detalladamente e o tribunal decide o seguinte:

- **Pregunta núm. 1:** a aspirante marcou a resposta **D**, borrándoa despois, polo que o que pretendía a aspirante era deixala sen contestar. A máquina considerou a marca en gris como unha resposta válida e dado que a correcta era a **B** a tivo en consideración como errónea. Os membros do tribunal deciden ter en consideración a alegación da aspirante e considerar a pregunta 1 como **NON CONTESTADA** en vez de ser unha resposta negativa. Conforme o indicado e a pesar disto a aspirante segue sen superar a nota de corte establecida polas bases da convocatoria (5).

**Pregunta núm. 3:** a aspirante marcou a resposta **A** en negro e a resposta **B** en gris. A resposta válida era a **B** polo que a máquina correxiu ben.

Acórdase chamar á aspirante para que poida recoller unha fotocopia do seu exame así como a plantilla de respostas solicitada.

Vista a alegación presentada por **D. JOSÉ CARLOS VARELA PÉREZ** na que solicita se anule a pregunta número 12 do exame que se detalla:

**12.- Identifique cuál de las siguientes se encuentra entre las tareas que debe realizar un peón.**

- a) Desherbado y desbrozado de aceras y pavimentos.
- b) Limpieza de solares independientemente de su titularidad





## CONCELLO DE REDONDELA

- c) Poda de arbolado público cuando se encuentre fuera de parques o jardines
- d) Limpieza de todas las señales de tráfico que se encuentren dentro del término municipal

por considerar que o “*uso da desbrozadora*” non forma parte das tarefas dun peón de limpeza viaria no concello de Redondela segundo a RPT (que aporta) e indicando así mesmo que nun dos temarios xerais existentes para preparación de exames de operario de limpeza viaria indícase que “*la retirada de la hierba o maleza existente en el acerado es con el uso de la azada*”.

A tales efectos o tribunal estudia o indicado e resolve:

1. Respecto da RPT do concello de Redondela, expresamente a ficha de descrición do posto de traballo operario/a de limpeza, entre outras, recolle como función principal o seguinte:
  - **5. Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas propias que se precisa para realizar o seu cometido, realizando un mantemento básico e preventivo.**

Polo concepto de “maquinaria” enténdese o conxunto de máquinas para un fin determinado, creadas para facilitar o traballo e que se usan para complementar a actividade das persoas no exercicio das tarefas profesionais ou persoais, neste caso que nos ocupa o servizo de limpeza viaria.

Coa finalidade de saber se no concello de Redondela, no servizo de limpeza viaria se utiliza maquinaria, tal e como indica a RPT, reclámase a presenza da encargada de vías e obras que indica que no servizo de limpeza viaria do concello existen máquinas como a desbrozadora, a sopladora ou a limpadora. Xa que logo, o tribunal entende **que tanto a desbrozadora como a sopladora ou a limpadora forman parte desa maquinaria que a RPT indica forma parte do servizo para realizar o cometido da limpeza viaria.**

Así mesmo, o concepto de “desbrozado” que se indica na pregunta do exame non explicita que deba facerse con maquinaria ou manualmente. Por ser máis concretos na definición indicar que segundo o dicionario da RAE o término desbrozar significa **quitar broza, desembarazar, limpiar**, sen especificar que sexa con máquinas, con ferramentas manuais ou coas propias mans.

Xa que logo, o tribunal decide non ter en consideración a alegación presentada por D. José Carlos Varela Pérez dado que na RPT si figura a maquinaria como un material para realizar o cometido propio do servizo de limpeza viaria. A tales efectos mantense a pregunta núm. 12 como parte do exame.

Vista a alegación presentada por **D. JESÚS BRAVO CARIDE** na que solicita non sexa anulada a pregunta núm.10 do exame en lingua galega dado que as respostas mal (cinco en vez de catro) estaban no exame en castelán.

O tribunal estudia o indicado polo aspirante e resolve:





## CONCELLO DE REDONDELA

Dos exames dos aspirantes á praza que están en poder do tribunal cualificador non se pode deducir cales foron realizados en castelán e cales en galego pois as plantillas que se entregaron para cualificación nin teñen as preguntas nin os nomes e o documento entregado en cadanseu idioma, de acordo co solicitado por cada aspirante no momento da proba, está en poder de cada un deles.

O tribunal, soberano nas cuestións que deciden como actuar nun proceso selectivo de acordo coas bases que rexen o proceso, decidiu de forma unánime anular a pregunta núm. 12 do exame en castelán e do exame en galego, independentemente de cal fixera un ou outro aspirante pasando a ter en consideración a primeira das preguntas de reserva para evitar problemáticas posteriores dado que todos os aspirantes deben facer o mesmo exame.

Considera o Sr. Bravo Caride que se está aplicando un agravio comparativo por razón de lingua, cousa inexistente pois precisamente o que se pretendeu foi todo o contrario, que non existisen situacións diferentes para uns ou outros, independentemente da lingua que escolleran para a realización do exame. En caso de que non se actuase así e o tribunal deixara un exame para uns e outro exame para outros (cunha pregunta distinta) si estaríamos diante dunha situación diferente para un colectivo ou outro, pois o exames serían distintos dependendo da lingua escollida. Ao anular a pregunta que pode producir esa mala interpretación evítase un posible agravio comparativo entre o exame en galego e o exame en castelán, tratando por igual a todos os aspirantes indistintamente escolleran unha ou outra lingua.

Polo exposto, o tribunal decide non ter en conta a alegación do Sr. Bravo Caride.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a xuntanza sendo as 11:10 do día indicado no encabezamento estendéndose a presente acta que asino dando





CONCELLO DE REDONDELA

